

CONVERSAS CONTEMPORÁNEAS

Francisco Castro: “As monarquías non teñen sentido ningún nunha democracia”

31.01.2011 Non teño outro remedio, como escritor, editor, pai e persoa, que ser optimista e seguir apostando polo galego, incluso e a pesar de que moitos galegos e galegas non apostan por el

MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Francisco Castro (Vigo, 1966) é escritor, editor, xestor cultural e coordinador de Novos Proxectos da Editorial Galaxia. Desde o ano 2003 imparte Obradoiros Literarios para todos os chanzos de idade. Dentro da súa produción literaria podemos destacar, entre outros Play-Back (Premio Lueiro Rey de Novela Curta, 1997), os libros de relatos A canción do náufrago (2001), Xeografías (finalista do Premio de Narrativa Erótica Positivas, 2001) e a novela histórica Memorial do infortunio (2003), traducida no 2004 ao castelán, Xeración perdida (2004), premio Cartafol de Vieiros ao mellor libro do ano e os libros para mozos Un bosque cheo de faias (2004) e O ceo dos afogados (2007), distinguidos ambos os



Francisco Castro publicou xa máis de dezaseis libros de narrativa
FOTO: AXENCIAS

dous co premio Frei Martín Sarmiento que conceden escolares de toda Galicia. No ano 1999 foi Premio de Xornalismo Manuel Reimón Portela, no 2002 obtivo O Facho de poesía pola obra Matar a Walt Whitman moitas veces e en 2005 o Premio Rosa Reboredo de Narrativa da Asociación Cultural Galega de Cornellá, polo relato Venres Desesperado (look casual friday) e o Premio Modesto R. Figueiredo de narracións breves polo traballo Ningún fascista morreu inxustamente. Premio Blanco Amor de Novela (2006) pola novela Spam, coordinador dos Diálogos Literarios de Mariñán no 2006 e Premio de Novela Manuel García Barros 2007 pola obra As palabras da néboa. Francisco Castro abriu en internet un dos primeiros blogs de autor dedicados ao debate literario e a información cultural (<http://franciscocastro.blogaliza.org>). Na actualidade tamén forma parte da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Os seus derradeiros libros, polo de hoxe, son a novela para pequechos Chamádeme Simbad (2009) que recibiu o premio como Mellor Libro Infantil na web Fervenzas Literarias outorgado polos lectores/as e, para un público máis xuvenil, e O segredo de Marco Polo (2010). Dende finais de ano é o presidente de Gáliz.

Francisco, se collemos como referencia os últimos dez anos das nosas vidas, e con respecto á evolución e situación da lingua galega, dende todos os ámbitos susceptibles de ter en conta á hora de facer resumo e balance, cal sería para ti a reflexión verbo do pasado, así como o futuro que nos agarda aos galego falantes nunhas circunstancias –ao meu ver e sentir– cada vez máis adversas?

Teño unha amiga que o outro día se definía como “ilusionada pero sen facerse ilusións”. Pois eu igual. Quero dicir, que eu son de natural optimista. E tamén optimista á forza, porque coído que o pesimismo leva ao suicidio, e é algo que non nos podemos permitir como país. Non teño outro remedio, como escritor, como editor, como pai, como persoa, que ser optimista e seguir apostando por esta lingua, incluso e a pesar de que moitos galegos e galegas non apostan por ela. A situación véxoa complexa, pero só se temos fe no futuro imos poder gañar esta batalla na que, a priori, temos todas as de perder. E eu non faría a reflexión verbo dos últimos dez anos, senón que levaría o asunto máis atrás. Teño a sensación de que nos anos oitenta do século pasado, cando eu era un adolescente, a sociedade era moito máis sensible fronte do galego que

hoxe. Cústame entender que saian novas que falan dunha posible extinción da lingua e non pase absolutamente nada. Estou certo de que se perigase a costa galega, ou o marisco, ou a moda galega, saírían todos en masa a protestar. Pero este país é sabedor de que pode perder o máis propio, a lingua, e non se rebela diante dese futuro tan escuro.

Dende a inmersión lingüística proposta por nós hai tempo, e que agora mesmo avalía o profesor Blecua, actual presidente da RAE, e polo tanto nada sospeitoso para nós-outros, pero si, seguro, para o reaccionarismo españolista e condutual do PP as FAES aznarianas etc., é esta Francisco, unha solución posíbel para manter vixente e vigoroso o noso idioma?

Non é que sexa unha solución posíbel, e que é a única solución posíbel. Non pode haber outra máis que a inmersión. Cando enviamos os nosos fillos e fillas a estudar fóra esperamos que aprendan o idioma porque se meten dentro del, a inmersión aí é total. Non esperamos que lles falen tres horas á semana, como propoñen algúns, nunha escola, e que logo o resto da vida se faga noutra lingua. Para min a inmersión ten que ser absoluta en especial agora que todo vai en contra. Para os pequechos, por exemplo, a presión dende o audiovisual é terrible. Hai unha morea de canles de debuxos animados en castelán. Como eu digo sempre, é moi difícil loitar contra Pocoyó ou Bob Esponja. E sobre o que comentas do PP e as FAES etc, eu sempre digo o mesmo, e digo dende unha absoluta honestidade: estou convencido de que non todos os votantes do PP aproban o lingüicidio que ás veces demostran algúns dos seus dirixentes. O que non sei é por que ningún o di. E iso é o que, por certo, nos mata á esquerda: que andamos a piñas e sábeu todo o mundo...

Outra cousa que levamos cavilando hai xa tempo, pero que o PP –e se queres tamén o PSOE– coa aquiescencia tan parva como mol de certos/certas galeguis tas/nacionalistas “bempensantes”, “tolerantes” e así; outra cousa é, digo, que se non cres ti que sería mellor unha discriminación positiva a favor do galego, dada a situación de desequilibrio e inxustiza. Así, Francisco, aínda non gustando da palabra discriminación polo seu connotado tremendismo, non atopo resposta mellor ca esa que digo, dado o panorama actual. É, ao meu ver, unha das alternativas xa non á Lei de normalización lingüística feita desaparecer polo exabrupto atrabiliario do PP do Núñez Feijóo e os seus asesores; nunca a imposibilidade do bilingüismo harmónico ou cordial, dúas opcións disparatadas, e moito máis ese trilingüismo esperpéntico, que nos fai chegar –a min non– ao bilingüismo restitutivo que como dubidosa solución propoñen algúns lingüistas, cos que por suposto eu comparto a súa “opinión”. A inmersión pois, é hoxe a única saída viábel. Agradeceríache, Francisco, a túa opinión despois desta miña longa reflexión.

Pois sinceramente non estou a favor dunha discriminación positiva. Como ben dis, aceptar unha discriminación implica aceptar unha especie de situación, insisto, aceptada de inferioridade, e aínda que sexa así na praxe, o certo é que debemos aspirar, dende o comezo, a que non o sexa. Explicome: a min abondaríame con que se cumprisen as leis, todas, dende a Constitución para abaixo, para que de verdade o galego e os que nos expresamos e educamos os nosos cativos e cativas en galego tiveramos liberdade verdadeira dentro do noso país. Quero dicir, que é unha realidade obxectivamente comprobable que vivindo en galego case que todas as cousas se nos poñen máis costa arriba. A ver canta xente pode superar unha entrevista laboral entrando pola porta en galego. A ver canto se liga en galego en cidades como A Coruña ou Vigo... Temos que dar explicacións decote de por que falamos galego... en Galiza! Alucinante. O que habería que explicar sería falar en búlgaro neste país. Sobre isto comentarei como unha vez me pararon na rúa do Príncipe de Vigo os de Galicia Bilingüe para explicarme a súa campaña e todo iso. Pasei de parar, claro, pero a señora que me abordou díxame, en castelán, como non, que eles esixían que o cincuenta por cento do ensino fose en galego. Eu botei un “¡oxalá!” porque xa sería moitísimo dada a situación na que vivimos. Eu aspiro, claro, a un cento por cento. Non quero nin bilingüismo nin polilingüismo por definición. Falar moitas linguas é san, valioso e bo para calquera persoa, galega ou filipina. Pero facer gravitar a vida cultural ou educativa arredor de linguas de fóra é, cando menos, discutible. As grandes institucións educativas internacionais teñen opinado claramente sobre isto. E sempre a favor da potenciación da lingua propia do país.

A literatura galega, en xeral, goza dunha estupenda saúde?

Moito mellor que a lingua, dende logo. Eu sempre digo o mesmo: que a literatura galega non é mellor ca outras do noso contorno, pero que tampouco peor. Iso é bo e é un síntoma de normalidade. Coido que neste intre publicamos libros excelentes, normalíños e malos. Como debe ser. A nosa é unha literatura completa, sen complexos, moderna, á altura, cando menos, do resto dos sistemas literarios do noso entorno. Outra cousa, dende logo, é o seu recoñecemento social. Eu aínda teño que aturar que de cando en vez me pregunten por que escribo en galego. Eu sempre digo que caín do berce cando era neno e que por iso quedei así e fago estas cousas tan raras... en fin... A saúde da nosa literatura si, é excelente.

O tempo, despois de todo, é a memoria íntima –ou tal vez pública– do fracaso...?

A cousa non está tan clara. Vivimos nunha época na que o tempo xa non se mide igual. Onte na radio alguén falaba de non sei que do ano 2007 e definíao como “antigo”. No meu caso o tempo é memoria comprendida. Miña nai ten alzheimer, e eu son agora a memoria dos dous. Ando recuperando fotos da infancia, nas que estou con ela, lembrando así incluso cousas das que non teño memoria porque, por exemplo, era bebé. O certo é que eu me levo ben coa miña memoria. Como dixo Witman: “eu vivín, estaba alí”. E escribo, en parte, para deixar testemuña desa memoria.

Pódese explicar un espazo sen tempo, ou ao revés?

Coido que non. O tempo é memoria, e os recordos van pegados a un espazo, aínda que ese espazo sexa, curiosamente, un fragmento de tempo (a infancia, por exemplo). Se cadra, pode haber instantes de tempo sen espazo, de pura suspensión. A experiencia poética intensa, por exemplo. Ou a vivencia esaxerada do amor.

Con cal dos teus libros publicados te sentes máis a gusto?

Con todos, e non é un tópico. Pero hai un que amo por enriba dos demais, que é Xeración Perdida. Por moitos motivos pero, sobre todo, polo que ten de testemuño de vidas. Cando eu tiña trinta e poucos, decateime de que moitos nenos e nenas do meu barrio xa non estaban, que a heroína os levara por diante. Volvemos á memoria, ao tempo e ao espazo. De súpeto tiña necesidade de contar as súas vidas, a miña. Tiña necesidade de saldar contas co pasado, coa adolescencia turbia, con todo aquilo. Ademais, con ese libro soltei ese narrador tan característico da miña prosa, que se mete na acción, opina, detén a trama, vaise por aí a divagar...

Nos teus proxectos a curto ou medio prazo, está unha República Socialista Galega, solidaria, internacionalista e cun status de si?

A ver, como proxecto meu, sinceramente, non creo. Son republicano. As monarquías son un anacronismo medieval sen moito sentido. Aceptalas implica asumir que un pobo é menor de idade, que non é quen de decidir quen debe ocupar o cargo da xefatura do estado. O status de seu, por suposto. É un Dereito Humano recoñecido, que todo pobo ten dereito a decidir o seu futuro.

Karl Marx e Engels aínda che din algo?

Claro. Aínda que non son marxista. No século XXI hai que ser outra cousa. Mais o marxismo aínda nos aprende que a dialéctica opresores-oprimidos debe ser superada. Gusto moito da Tese 11 sobre Feuerbach, cando Marx escribe que os filósofos se limitaron a interpretar o mundo, pero que cómpre transformalo. Creio niso. E na idea da revolución. Non dende logo na ditadura do proletariado. Creio que este sistema neoliberal no que vivimos merece ser superado. E moitos dos postulados de Marx, por suposto, son perfectamente válidos para hoxe.

O libro co soporte tradicional pode chegar a desaparecer nos próximos cen anos?

Non creo. O libro de papel é o mellor invento que hai para ler. Eu adoro os readers, os dispositivos de lectura móbiles, teño iPad e son usuario avanzado de todos eses trebellos. Paréceme que a polémica libro físico-libro de papel é artificial, superficial e un chisco infantil. Os datos son os datos: a día de hoxe o noventa e nove por cento da venda de libros é en papel. Falamos tanto dos eBooks que pensamos que xa teñen unha dimensión que de momento non teñen. Mais iso si: as posibilidades, tamén para os escritores, en relación á literatura enriquecida electronicamente son apaixonantes.

Cal é a nostalxia non pública de Francisco Castro como poeta?

A nostalxia é a propia poesía. Teño publicados dezaseis libros, todos eles de narrativa. En maio sairá nova novela para adultos. Pero non publiquei aínda poemario ningún. Si moita poesía solta, en libros colectivos e revistas. E o poemario está rematado. Pero por algunha estraña forma de pudor, non o dou ao prelo. E é curioso que fale de pudor eu, que publiquei tanto material erótico...

Na procura na mensaxe pódese escurecer e mesmo facer desaparecer o fío narrativo?

Si claro, continuamente, ese risco está sempre aí. Pero a obriga do narrador é que iso non pase. Eu concibo a literatura, e nomeadamente a poesía, como unha das maneiras de explicar a realidade, por isto, coido, a carga filosófica é moi importante en todo o que escribo. E por iso, tamén, imaxino, a miña tendencia a teorizar sobre o mundo, as xentes e as persoas dende a novela. Ás veces un pode deixarse levar por esa "emoción epistemolóxica" e perder a perspectiva, esquecendo que a literatura tamén ten que ser exercicio estético.

É o amor un apetito de beleza como dicía Lorenzo de Médices e recordaba Ortega y Gasset?

Gustaríame dicir que si, pero penso que probablemente o amor é un recurso fantástico que atopou a natureza para facer que uns e outros procreemos. Mais tamén é certo que a beleza nos leva ao amor. No meu caso, considérome un pescudador da beleza. Vivo perseguíndoa, nun estado de perpétua emoción estética. É algo erótico, dende logo, no senso máis clásico do termo. Eros é a porta do amor. E Eros lévame a beleza.

Estou anegado por ela. Nunha emoción eterna que me fai, creo, vivir máis intensamente que moitos.

Existe para ti algunha forma moral e lícita de violencia?

Non, ningunha. Pero entendo que, en determinadas situacións, é inevitable. Encantaríame chantarme diante dunha manifestación neonazi e, con boas palabras e argumentos impresionantes, que se disolveran e entenderan a parvada das súas argumentacións. Pero coido que non sería posible.

A que libro ou libros sempre regresas?

Ultimamente aos que me encheron de emoción na adolescencia. Hai unha semana sufrín unha especie de ataque literario que me fixo desexar volver a ler, case que desesperado. O vixía no centeo na edición na que o lin aos catorce. E despois de poñer patas para arriba a biblioteca, apareceu. E sentei no chan, rodeado de libros, a ler ese volume de novo para descubrir, trinta

anos despois, que era moito o que me influíra xa non só na vida senón tamén como escritor. E isto último non o sabía. Pero ese narrador co que me identifico está na novela de Salinger. E volvo sempre a Celso Emilio Ferreiro, a Borges, a Lennon...

Traballas agora mesmo nalgunha novela en concreto?

Si. Ando nos comezos dunha nova novela para adultos. Viaxo á Grecia do século IV da nosa era. Aí estou vivindo agora.

Un Estado español, federal e republicano, sería de momento o mellor que nos podería acontecer aos euskaldúns, catalás e galegos?

E ao conxunto do estado, si. Estou profundamente convencido.

Que sentido ten, incluso nunha democracia burguesa, unha monarquía parlamentar; non é un anacronismo...?

Xa respuestei antes a iso. As monarquías non teñen sentido nunha situación democrática. Kant dicía, aló polo XVIII, que a humanidade chegara á maioría de idade, que xa podía dirixir os seus propios destinos. Nesa liña vai a miña reflexión. Politicamente paréceme perigosísimo que a xefatura do estado se decida só por unha cuestión de nacemento doutro xefe de estado anterior. Un pobo maduro, e o noso é un pobo maduro, debería de poder elixir ao seu máis alto cargo institucional libremente e, de non lle gustar, cambialo sen máis traumas.

Banco Nacional galego, Caixa Nacional galega, son dúas utopías imposíbeis?

Eu confórmome cunha banca galega que mire por Galiza, que invista aquí, que apoie a nosa cultura e que, por suposto, non se esqueza de nós.

Capitalismo e credos relixiosos... Cal a túa reflexión posíbel?

Volvo ao que xa dixer. Son dúas formas de fe. E eu son moi descreído.